

ACTIVIDADES UNIDADE 1. ANTIGO RÉXIME E ILUSTRACIÓN

1. Define os seguintes conceptos:

- Antigo Réxime:
- Economía agraria:
- Monarquía absolutista:
- Sociedade estamental:
- Despotismo ilustrado:

2. Que é un gremio?

Onde e cando xurden?

Cal era a súa principal función?

3. Observa a pirámide social do Antigo Réxime e contesta:

- Que grupos forman o estamento dos privilexiados?
- E dos non privilexiados?
- Por que cres que a burguesía quere liquidar o Antigo Réxime desde finais do século XVIII?

4. Como era a vida dos campesiños no Antigo Réxime?

Cres que se asemella á vida dos campesiños na actualidade? Xustifica a túa resposta.

5. Por que para representar o despotismo ilustrado se utiliza a frase “Todo para o pobo pero sen o pobo”?

Cales foron as principais reformas que se levaron a cabo no despotismo ilustrado?

6. Que é a Ilustración?

Por que se denomina ao século XVIII o “Século das Luces”?

Enumera as ideas esenciais da Ilustración, e explica dúas delas.

7. Cal foi a principal aportación ao pensamento político de Montesquieu?

Cal era a idea máis importante que defendeu Voltaire?

Que opinaba Rousseau sobre o ser humano? Que supoñía para el a Ilustración?

8. Define brevemente os seguintes termos:

- Mercantilismo:
- Fisiocracia:
- Liberalismo:

9. Indica un científico ilustrado de cada un dos seguintes campos:

- Matemáticas e Física:
- Astronomía:
- Química:

Escolle un deses científicos, investiga en internet e escribe unha pequena biografía (como foi a súa vida, e as súas principais aportacións).